

TAREFAS (30 DE MARZO – 3 DE ABRIL)

## **FEDRO**

### **TEXTO 2. CANIS PER FLUVIUM CARNEM FERENS**

Cuestións:

- 1) Tradución do texto.
- 2) Análise morfolóxica e sintáctica de  
*aliamque praedam ab altero ferri putans  
eripere voluit.*
- 3) Para este texto, débese repasar:
  - a) Valores de *cum*.
  - b) Participio concertado.
  - c) Complemento axente.
  - d) Estruturas de infinitivo non concertadas.
  - e) Estruturas de relativo.
  - f) Verbos irregulares *possum, fero* e *volo*.
  - g) Substantivos, adxectivos e pronomes.
- 4) Aclaracións ao texto:
  - a) *altero*= *altero* “cane”.
  - b) *decepta*= *decepta est*.
  - c) *adtingere*= *attingere*.

### **TEXTO 3. LUPUS ET AGNUS**

Cuestións:

- 1) Tradución do texto
- 2) Análise morfolóxica e sintáctica de  
*Ad rivum eundem Lupus et Agnus venerant  
siti compulsi.*
- 3) Para este texto, débese repasar:
  - a) Participios concertados.
  - b) Complemento axente.
  - c) Substantivos, adxectivos e pronomes.
- 4) Aclaracións ao texto:
  - a) *siti*: ablativo de tema en *i*.
  - b) *intulit*: forma composta de *fero*. Véxase *infero*.

## **EUTROPIO**

### **TEXTO 10. ANÍBAL SE APROXIMA A LA CIUDAD CON SU EJÉRCITO**

Cuestións:

- 1) Tradución do texto
- 2) Análise morfolóxica e sintáctica de  
*Decimo anno postquam Hannibal in Italiam venerat.*
- 3) Para este texto, débese repasar:
  - a) Estruturas subordinadas temporais.

- b) Ablativo absoluto *sum ausente*.
- c) Participio concertado.
- d) Substantivos, adxectivos e pronomes.

### OUTRAS ACLARACIÓNS DE INTERESE:

- 1) Para dúbidas: [nonyto@gmail.com](mailto:nonyto@gmail.com)
- 2) Os exames quedan aprazados *sine die*.
- 3) Estes tres textos (dado que imos a proseguir co estado de alarma), unha vez traballados, tedes que envialos ao docente para a súa corrección. Seravos reenviados corrixidos e coas oportunas aclaracións.
- 4) No libriño de latín tendes, como xa sabedes, o resto de contidos (literatura, toponimia, latinismos...). Están todos moi ben explicados.

#### - Como envío os textos?

- Foto **clara e diáfana** do texto traballado.
- Envío da imaxe a [nonyto@gmail.com](mailto:nonyto@gmail.com)

Se tedes outra forma de facermos chegar, admítoa.

### NOTAS DA SEGUNDA EVALUACIÓN:

Dado que requiren unha segunda avaliación "formal" e dado que aínda temos que facer o segundo exame de contidos, a **nota resultante en Latín II nesta 2º trimestre** será a ponderada correspondente (o segundo exame computarase como "non presentado", 0). Esta nota, aínda que parece que é "oficial", para o teu profesor será **oficiosa** e, de feito, a nota da segunda avaliación será o resultado de facer as ponderacións adecuadas unha vez finalizado e corrixido o segundo exame pendente deste trimestre. **Este exame farase o segundo día de clase presencial.** Unha vez corrixido este exame, faranse as ponderacións correspondentes do trimestre e **rexistrarei en acta** esta nota (nota da 2ª avaliación). Por este motivo, é moi importante que levemos todos os contidos ao día, os pendentes para examinar e os seguintes que explicaremos por correo electrónico porque un día retomaranse as clases e temo (se non facedes caso) chegarán as présas.

Saúdos e ánimo!!